

# PROGRAMA ESCOLAR 2018/2019

## INFANTIL E PRIMARIA



Queridas amigas e queridos amigos,

Achegámosvos o noso programa deseñado para este curso 18/19, co que queremos convidarvos a vir coñecer, pasear e aprender neste Museo, o do Pobo, o cal cobra máis sentido coas vosas achegas e visitas.

Como non pode ser doutro xeito, este ano a programación do Museo fará fincapé en **Antonio Fraguas**, persoa homenaxeada nas Letras Galegas en 2019 e que foi, entre outras cousas, director desta entidade. El que dedicou moito tempo a investigar sobre moitos aspectos da nosa cultura e do noso folclore foi, sobre todo, mestre. Levaba con el a súa dedicación e amor á docencia alí onde ía, incluído o Museo do Pobo Galego. Por todo isto o Departamento de Educación e Acción Cultural non pode deixar pasar a ocasión de traballar en torno a Antonio Fraguas, para o que vos ofrecemos unha serie de propostas didácticas centradas na súa figura.

Como todos os anos, tamén vos ofrecemos **actividades dirixidas polas educadoras** do Museo centradas en diferentes aspectos da nosa colección e dirixidas aos distintos ciclos educativos. Se o preferides, presentámosvos a nosa oferta de **actividades autónomas**, aquelas elaboradas desde o Museo e dirixidas polo persoal docente dentro do espazo museístico. Como non, lembraros que podedes **visitarnos por libre** e contar co noso asesoramento se o precisades.

Para visitarnos tede en conta:

- **O prezo da entrada:** de balde para o alumnado menor de 18 anos e para o profesorado acompañante, que deberá ser o número marcado por lei e permanecer co grupo durante toda a actividade.
- **O prezo das actividades:** de balde ao seren dirixidas polo persoal docente (visita autónoma) ou ao vir por libre. 70 céntimos por alumno ou alumna ao seren dirixidas polo DEAC. De balde para os centros socios.
- **O horario do Museo:** de martes a sábado de 10h30 a 14h e de 16h a 19h30. Domingos de 11h a 14h.
- **O horario das actividades co DEAC:** de martes a venres de 10h30 a 14h. Algunhas das propostas terán un horario específico sinalado na información concreta da actividade.
- **As solicitudes e/ou información:** podedes chamar ao 981583620 (de martes a venres de 10h a 14h30) ou escribir en calquera momento a [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)
- **A reserva previa:** é necesario reservar a visita cunha antelación mínima de 15 días. O espazo museístico conta cun aforo limitado e para asegurar a circulación sen problemas en salas e na escaleira helicoidal, é necesaria a reserva previa en calquera das modalidades de visita que ofrecemos.

Educación e Acción Cultural  
MUSEO DO POBO GALEGO  
( 0034)981583620  
[servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)  
[www.museodopobo.gal](http://www.museodopobo.gal)

# ACTIVIDADES ESPECÍFICAS

## SOBRE

## ANTONIO FRAGUAS



Todas as actividades deste Ano Fraguas terán relación con D. Antonio e achegaremos ao alumnado á súa figura en todas as visitas que nos fagades. Ademais, desde o DEAC tamén queremos ofrecervos actividades específicas sobre as distintas facetas de D. Antonio.

- ***Ás raposadas co neno Antonio.***

Ao neno Antonio gústalle coidar da raposa, algúns días lévaa á súa casa na aldea. Alí xogan, escoitan os contos de Mamá Antonia, buscan respostas ás adiviñas que sabe a galiña e axudan ao sapo a sementar os campos. Ao terminar a colleita comeza a festa, en compañía danzan ao ritmo da pandeireta sabendo que, algún día, o neno Antonio converterase en D. Antonio Fraguas, o primeiro director do Museo do Pobo Galego.

Este é un espectáculo de contos de tradición oral con obxectos e monicreques que nos levará polo Museo da man da narradora **Raquel Queizás**.

- Destinado ao alumnado de Infantil de 3 e 4 anos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Temporalización: 50 minutos.
- Hora de comezo: 11h.
- Datas: xoves 10, 17, 24 e 31 de Xaneiro; 7, 14, 21 e 28 de Febreiro; 14 e 21 de Marzo. Cubriranse por orde de recepción da solicitude.

- ***Fraguando datos sobre D. Antonio.***

O edificio e parque de Bonaval agochan moitos dos tesouros que D. Antonio Fraguas foi recompilando, estudando e difundindo durante toda a súa vida. A través dun xogo de descuberta dirixido desde o persoal do Museo, o alumnado de Primaria poderá coñecer máis en profundidade a súa figura e a súa relación co Museo do Pobo Galego.

- Destinado ao alumnado a partir de 3º de Primaria.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Temporalización: 60 minutos.
- Hora e data: nos meses de Abril, Maio e Xuño de 11h a 14h, a concertar co DEAC en [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)

- ***Actividade autónoma: "Os tesouros de D. Antonio".***


As actividades autónomas son aquelas elaboradas desde o DEAC pero dirixidas polo profesorado dentro do Museo. Nesta ocasión, o alumnado poderá achegarse á vida e obra de Antonio Fraguas a través dun xogo distendido de descubrimento.

- Destinado ao alumnado de Primaria
- Máximo de participantes por sesión: 30
- Temporalización: 50 minutos.
- Hora de comezo e data a concertar co DEAC en [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)

# ACTIVIDADES XERAIS

## DIRIXIDAS

## POLO DEAC



Esta modalidade de visita conta coa intervención directa das educadoras do Museo. Todas as propostas que vos achegamos teñen o máximo de 25 participantes e a duración aproximada de 60 minutos. Ofrécese de setembro a xuño con inscrición previa e o coste é de 70 ct por alumna e alumno. Cada unha delas céntrase en aspectos concretos da nosa colección permanente e este ano Fraguas, contarán cunha introdución a súa figura.

### ***Xogos Bailados.***

A través dun xogo de roda que leva asociado coreografías e cantigas, os cativos e cativas poden facer o seu primeiro achegamento ao Museo do Pobo Galego.

- Dirixida ao alumnado de Infantil a partir dos 4 anos.

### ***Canta Adiviña.***

Unha actividade de descubrimento a través de adiviñas, sons e cancións onde o alumnado se envolverá nos instrumentos tradicionais.

- Dirixida ao alumnado de 1º de Primaria.

### ***Da vara ao carabelo.***

Unha visita obradoiro na que o alumnado terá contacto con saberes e técnicas do patrimonio náutico e pesqueiro promovendo o respecto e o coidado polo medio mariño. Simularemos un mar con diferentes especies de peixes a tamaños reais que haberá que pescar con pequenas canas montadas con liña. Despois clasificarémolo segundo as especies e os tamaños, rexeitando aqueles que non sexan comerciais.

- Dirixida ao alumnado de 2º e 3º de Primaria.

### ***Ferramentas... en mimo!***

Coa entrega descontextualizada dunha ferramenta de traballo e algúns elementos relacionados, o alumnado deberá deducir que oficio teñen entre mans e, a través do mimo, transmitirlo ao resto dos e das compañeiras. Trabállanse temas como tradición ou artesanía, as materias primas máis usadas, á vez que a comprensión, o aspecto lúdico e creativo da comunicación e a expresión corporal.

- Dirixida ao alumnado de 4º e 5º de Primaria.

### ***A palabra como ferramenta.***

Os oficios tradicionais serán os protagonistas desta actividade onde o alumnado terá que recadar información sobre os distintos procesos de elaboración das nosas materias primas. Logo terán que se converter en intérpretes de Museo e contarlos aos compañeiros e compañeiras.

- Dirixida ao alumnado de 6º de Primaria.

# ACTIVIDADES AUTÓNOMAS

## DIRIXIDAS

### POLO PERSOAL DOCENTE



As actividades autónomas son aquelas que dirixides o persoal docente dentro do propio Museo usando materiais suministrados polo departamento a través da páxina web ou do correo electrónico. Son actividades gratuítas. Desde o DEAC recomendamos que a duración das actividades non supere os 50 minutos e o grupo non sexa maior de 30 participantes.

#### ***Coscobellos ao Cesto.***

Un xogo que quere achegar aos e ás máis pequenas ao mundo simbólico galego. Para isto escollemos ao “coscobello”, un personaxe moi escorregadizo, tanto que para atrapalo precisaremos de moito tino e uns cantos trucos que aprenderedes polo Museo.

- Recomendada para alumnado de Infantil.

#### ***A historia de Rosa.***

Un conto narrado cunha dinámica de xogo de pistas que nos levará a coñecer algo máis sobre Rosa, unha embarcación tradicional galega.

- Recomendada para alumnado de 1º e 2º de Primaria.

#### ***123, Museo en test.***

Xogo tipo test que consiste en resolver un cuestionario sobre os contidos das salas do Museo. Practícase a busca e organización de información, o traballo cooperativo ou a orientación.

- Recomendada para alumnado de 3º e 4º de Primaria.
- Existe versión para alumnado de 5º e 6º de Primaria.

#### ***Remuíño de pistas.***

Percorrido lúdico pola colección do Museo onde o alumnado poderá descubrila cunha dinámica de xogo de pistas.

- Recomendada para alumnado de 5º e 6º de Primaria.

#### ***Con vento mareiro.***

Actividade ao redor da cultura mariñeira centrada nas embarcacións e a explotación tradicional dos recursos mariños.

- Recomendada para alumnado de 6º de Primaria.